

Rogos e preguntas do pleno de abril de 2021

Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

- 1. No mes de febreiro do 2021 despois de reunirse a Comisión Avaliadora que elaborou a proposta de concesión de subvencións á entidades deportivas correspondentes ó ano 2019, procedeuse pola Alcaldía o 17 de febreiro á firma das resolucións correspondentes nas que figura o nome da entidade co importe que se lle concede e o prazo para a presentación da documentación. A día 5 de abril, tal e como nos manifestaron algúns clubs seguen sen recibir as axudas acordadas. Cando ten previsto facer o Concello o pago desas axudas tendo en conta que estamos a falar de axudas correspondentes o ano 2019 e xa teríamos que estar traballando na tramitación e aprobación das do ano 2020? Están redactadas xa as Bases correspondentes o ano 2020 coas modificacións que se falan para poder adaptalas a situación de pandemia que obrigou os clubs a suspender actividade?**

A día de hoxe, non temos coñecemento de que se convocase a Comisión Avaliadora que elaborará a proposta de subvencións ás entidades culturais de Bueu correspondentes ó ano 2019. Os membros da comisión xa foron designados no mes de outubro do 2020 e seguimos a espera desa convocatoria. Que razóns ou impedimentos ten o goberno para non convocar dita comisión?

Con respecto ás dúas preguntas anteriores, hai que indicar que actualmente, e dende hai tres anos o Concello non dispón de técnico de cultura, polo que é a persoa técnica de desenvolvemento local a que vén asumindo estas funcións, que se suman a outras de solicitude de axudas autonómicas e que teñen prazos de xustificación, como o Plan Concellos da Deputación de Pontevedra ou as axudas para os sectores afectados pola Covid-19. Ante iso, a tramitación das subvencións culturais e deportivas atrasouse máis do debido, e a previsión é que nestas semanas poidan resolverse e proceder aos pagamentos.

- 2. Cal é o posicionamento do goberno municipal en relación á reclamación feita polo Arcebispado de Santiago para que se cumpra o convenio urbanístico firmado en 2001 para a construción do tanatorio municipal?**

Esa reclamación presentouse no Rexistro Xeral a finais do ano 2020 e está pendente do pertinente informe xurídico por parte da Secretaría Xeral do Concello. Polo tanto, o goberno non emitirá ningunha opinión e moito menos unha decisión en canto non se conte con ese informe.

- 3. No pleno ordinario de febreiro do 2020, aprobouse por unanimidade da Corporación Municipal a proposta da alcaldía para a Candidatura de Bueu como Cidade Amiga da Infancia e da Adolescencia para o período 2019-2020. Dita proposta recollía 3 puntos de acordo: presentar a candidatura de Bueu coa aprobación desa proposta así como crear unha Mesa pola Infancia e a Adolescencia dentro do goberno local para coordinar o traballo a través das diferentes concellerías e por último que unha vez aprobado de xeito definitivo o Regulamento de Participación Cidadá poñer en funcionamento o Consello da Infancia e da Adolescencia. Cales foron as xestións levadas a cabo ata o día de hoxe para dar cumprimento a este acordo plenario?**

Agora mesmo resulta imposible abordar esta cuestión, sobre todo polo elevado volume de asuntos e a escaseza de persoal, tanto no departamento de secretaría como no de cultura.

- 4. No pleno de decembro preguntei se o goberno solicitara ou tiña previsto solicitar a adhesión ó convenio firmado pola Fegamp e a Xunta de Galicia para a tramitación dos expedientes sancionadores por incumprimentos das medidas establecidas pola pandemia, o alcalde contestoume que “a decisión se tomaría nos próximos días despois de efectuar as pertinentes consultas a nivel interno”. Tomou o goberno a decisión de adherirse a dito convenio ou a tramitación de ditos expedientes se está levando a cabo directamente polo concello con persoal municipal e de ser o Concello cal é o departamento responsable da tramitación?**

De momento, a decisión é que todos os expedientes sancionados que sexan competencia municipal se tramiten por parte do Concello, agás que as circunstancias cambien e teñamos que adoptar outro acordo. En todo caso, hai que aclarar que o convenio ao que se refire implicaría que a Xunta de Galicia tería un papel ‘decorativo’, a modo de asesoramento, e non asumiría a tramitación. Ante iso, acontece que a Xunta percibiría os ingresos correspondentes a esas multas, pero a tramitación e os gastos corresponderían ao Concello.

Preguntas formuladas por Dona María Blanco Blanco.

- 1. En que punto está a ordenanza municipal das terrazas?**

Como xa se indicou anteriormente, dende hai xa un tempo, a Secretaria Xeral dispón dun borrador de terrazas, sen que a día de hoxe puidese ser informado debido ao desbordamento e á enorme cantidade de asuntos a xestionar. Con todo, estamos á espera de que se incorpore a persoa que se encargará da Secretaría Xeral, e que nos permitirá darlle o impulso definitivo a este e outros asuntos.

2. A concellaría de promoción económica presentou a iniciativa de aportar envases de cartón aos negocios. Cal é o importe? É unha acción puntual?

Unha vez anunciada esta iniciativa solicitamos prezos unitarios de varios recipientes e envases a imprentas da comarca. Xustamente esta mañá, a Asociación de Hostalaría nos indicou os envases máis empregados, e abriremos xa un prazo ata o 20 de abril para que os locais da hostalaría que poidan solicitalos para, unha vez rematado, encargar o número total. Trátase dunha acción que se engloba no marco das axudas que o Concello de Bueu pon en marcha para paliar os efectos da Covid-19 entre os sectores económicos máis afectados, e que se completará cunha serie de bonos e de subvencións directas. Así mesmo, esta acción pretende reducir a presenza de plásticos e concienciar sobre o coidado do medio ambiente no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

Preguntas formuladas por Dona Jesús Ángel Rodríguez Piedras.

1. (Pregunta reiterada dende o mes de outubro) Como vai a tramitación da ordenanza do plan de uso das diferentes instalacións municipais? Non se respondeu nada de momento.

Ata o de agora non existe ningunha proposta ultimada para que poida ser incorporada a un procedemento administrativo de cara á súa aprobación e tramitación debido a que hai outros asuntos de maior prioridade, con prazos de xustificación e demais. Tendo en conta que hai varias semanas a Secretaria Xeral do Concello cesou do seu posto, estamos á agarda de que se incorpore a nova persoa que asumirá o posto, sen que a día de hoxe saibamos a data. Unha vez posta ao día, a idea é continuar cos procedementos administrativos xa iniciados e pendentos da súa participación, entre os cales está este ao que vostede se refire. Con todo, temos que indicarlle que actualmente a Secretaría dispón dun número elevadísimo de iniciativas que o goberno municipal non pode impulsar debido ao desbordamento existente e á escaseza de persoal